



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DO 2015

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Dona Carmen María Lois Ferrón.

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Araixa Varela Bermúdez.

En Padrón, sendo as vinte horas do día trinta de xullo do dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

PARTE I.- ADOCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 13 DE XUÑO DO 2015.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o trece de xuño de dous mil quince, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 2 DE XULLO DO 2015.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o dous de xullo e dous mil quince, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada.

3.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE OFICINAS INTEGRADAS DE ATENCIÓN AO CIDADÁN NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 3 de xullo de 2015, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Por acordo do Pleno da Corporación Municipal do 26 de abril do 2012 solicitouse á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a adhesión ao Convenio marco asinado o 17 de abril do 2007 entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia, denominada Rede 060.

O 24 de xuño do 2015 ten entrada no rexistro municipal escrito do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia no que se informa que a vixencia do anterior convenio remata o 4 de xullo do 2015, polo que se asinará un novo co fin de darlle continuidade á prestación dos servizos ofrecidos a través da rede oficinas integradas de atención á cidadanía, ao cal tamén se poderán adherir as entidades locais.

O actual Convenio Marco, igual que o anterior, recolle tres niveis de servizo: Oficina de contacto, Oficina de Información e Oficina de Xestión. Tendo en conta que ata o momento prestouse o nivel 1, propónse adherirse ao servizo Oficina de contacto que, segundo a cláusula cuarta do Convenio Marco, obriga ao Concello de Padrón a:

- a) Configurar os seus rexistros como oficinas de contacto, para prestar os servizos de rexistro e admitir a presentación nas mesmas, de forma gratuita para o cidadán en ambos casos, de calquera solicitudes, escritos ou comunicacións dirixidas aos órganos da Administración Xeral do Estado e da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas, con independencia da súa localización territorial, así como á Administración das Deputacións Provinciais, aos Concellos dos Municipios de gran poboación e ás entidades locais que se adhiran a este mesmo Convenio do ámbito territorial de Galicia.
- b) Deixar constancia nos seus rexistros da entrada das devanditas solicitudes, escritos e comunicacións, con indicación nos seus asentos do seu número, epígrafe expresivo da súa natureza, data de entrada, data e hora da súa presentación, interesado u órgano administrativo remitente, persona u órgano administrativo ao que se dirixe, así como una referencia ao contido do escrito ou comunicación que se rexistra.
- c) Remitir inmediatamente os documentos, unha vez rexistrados e en todo caso, dentro dos tres (3)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

días seguintes ao da súa recepción, directamente aos órganos ou entidades destinatarios destes. A devandita remisión efectuarase polos medios máis apropiados para que a súa recepción se produza coa maior brevidade posible, con especial utilización de medios informáticos, electrónicos e telemáticos nos supostos en que sexa posible.

Tendo en conta que unha rede de oficinas deste tipo evita desprazamentos á cidadanía, centralizando nunha única oficina a posibilidade de presentar os escritos ou comunicacións que consideren oportunas con independencia da administración á que vaian dirixidas,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Solicitar a adhesión ao Convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia.

Segundo. Asumir a colaboración descrita na cláusula cuarta (Oficinas de contacto) do Convenio Marco, que inclúe a prestación dos servizos de recepción, rexistro e remisión de documentos á Administración Pública correspondente.

Terceiro. Facultar ao señor Alcalde para a sinatura do correspondente Protocolo de adhesión ao Convenio marco, en nome e representación do Concello de Padrón.>>

Non habendo intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, sendo aprobado por unanimidade das concelleiras e concelleiros presentes, en total dez (10), polo que o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Solicitar a adhesión ao Convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia.

Segundo. Asumir a colaboración descrita na cláusula cuarta (Oficinas de contacto) do Convenio Marco, que inclúe a prestación dos servizos de recepción, rexistro e remisión de documentos á Administración Pública correspondente.

Terceiro. Facultar ao señor Alcalde para a sinatura do correspondente Protocolo de adhesión ao Convenio marco, en nome e representación do Concello de Padrón.

4.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS E VALGA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO "PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS".

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 16 de xullo de 2015, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 16 de xuño do 2015 publicouse no DOG número 112 a Orde do 2 de xuño do 2015 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria

Segundo. O 7 de xullo do 2015 o Concello de Dodro presenta para a súa aprobación se procede, o plan de prevención para os concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga, así como o convenio de colaboración a asinar entre os 4 para a xestión compartida deste servizo.

Terceiro. Por Providencia do Alcalde da mesma data solicítase informe urxente da secretaria municipal sobre a necesidade de someter a aprobación do Pleno o devandito convenio e, de selo caso, sobre o seu contido.

Cuarto. O 10 de xullo emítase o informe solicitado, no que se conclúe informar favorablemente o contido do Convenio de colaboración sempre e cando se acredite pola intervención municipal o cumprimento dos requisitos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira establecidos na lexislación vixente, e que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación Municipal en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da LBRL.

Quinto. Dado que o acordo require maioría absoluta o 13 de xullo do 2015 a interventora municipal emite informe ao mesmo.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao recollido no informe citado da secretaria municipal, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), debe entenderse que a proposta de Convenio de colaboración recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Padrón, Rois e Valga ao de Dodro para a tramitación da subvención e o desenvolvemento do programa.

Segundo. O artigo 47.2.h) da LBRL atribúe ao Pleno a adopción de acordos na seguinte materia e ademais establece que estes deberán ser adoptados por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Local:

"h) Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones Públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras Administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente."

Terceiro. Considerando que o texto do Convenio de colaboración é respetuoso coa regulación da figura de encomenda de xestión que fai o artigo 15 da LRXPAC, así como co establecido no artigo 6 sobre os convenios de colaboración,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar o texto do Convenio de colaboración remitido polo Concello de Dodro, datado o 7 de xullo do 2015, para a xestión compartida do "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas" entre os concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga e solicitar unha subvención á Consellería de Sanidade, ao abeiro da Orde do 2 de xuño do 2015, para o financiamento deste proxecto.

Segundo. Aceptar o nomeamento de don Valentín Alfonsín Somoza, Alcalde do Concello de Dodro, como representante da agrupación dos catro Concellos que actuará como coordinador e interlocutor ante a Consellería de Sanidade.

Terceiro. Aprobar o "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga" elaborado por dona Carmen Sotelo Conde e dona Lorena Francisco Lens, cun orzamento total de cento vinte mil trescentos euros (120.300 €).

Cuarto. Solicitar unha subvención á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, xunto cos Concellos de Dodro, Rois e Valga, para a xestión compartida do proxecto identificado no parágrafo anterior, co seguinte desglose:

	Importe	Porcentaxe
Subvencións solicitada	114.285,00 €	95%
Achegas dos concellos	6.015,00 €	5%



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Importe do proxecto 120.300,00 € 100%

Quinto. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 2 de xuño do 2015 da Consellería de Sanidade.

Sexto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sétimo. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.>>

Sendo as vinte horas e dez minutos incorpóranse á sesión plenaria os señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

Seguidamente o señor da conta da seguinte enmenda ao ditamen da Comisión Informativa B) de data 22 de xullo de 2015 que literalmente di:

<<Visto que na proposta do Alcalde do 13 de xullo do 2015 e no ditamen emitido pola Comisión Informativa B) no punto número 2 da orde do día da sesión realizada o 16 de xullo do 2015, concretamente no seu apartado terceiro, cometeuse un erro consistente na identificación das persoas que realizaron o "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga" dado que foi elaborado polo persoal dos departamentos de servizos sociais dos catro Concellos implicados.

Considerando que o artigo 97.5 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) define a enmenda como "la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto", definición que se repite no artigo 40.4 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño ao Pleno a seguinte enmenda:

Aprobar a corrección do erro detectado no apartado terceiro do ditamen emitido pola Comisión Informativa B) no punto número 2 da orde do día da sesión realizada o 16 de xullo do 2015, de tal xeito que onde di:

"Terceiro. Aprobar o "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga" elaborado por dona Carmen Sotelo Conde e dona Lorena Francisco Lens, cun orzamento total de cento vinte mil trescentos euros (120.300 €)."

Debe dicir:

"Terceiro. Aprobar o "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga" elaborado polo persoal dos departamentos de servizos sociais dos catro Concellos implicados, cun orzamento total de cento vinte mil trescentos euros (120.300 €).>>

Non habendo debate sobre a enmenda, o señor Presidente sométea a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11) emitidos polas concelleiras e concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1) emitida pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación Municipal acorda:

Aprobar a corrección do erro detectado no apartado terceiro do ditamen emitido pola Comisión Informativa B) no punto número 2 da orde do día da sesión realizada o 16 de xullo do 2015, de tal xeito que onde di:

"Terceiro. Aprobar o "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga" elaborado por dona Carmen Sotelo Conde e dona Lorena Francisco Lens, cun orzamento total de cento vinte mil trescentos euros (120.300 €)."

Debe dicir:

"Terceiro. Aprobar o "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga" elaborado polo persoal dos departamentos de servizos sociais dos catro Concellos implicados, cun orzamento total de cento vinte mil trescentos euros (120.300 €)."

Aberta a quenda de debate sobre o asunto prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di o mesmo que na comisión informativa, que a día de hoxe descoñece datos e a problemática a nivel local que existe co tema dos drogodependentes. Que solicitou datos pero que non se lle entregaron. Que se trata dun proxecto xeneralista no que non se desglosa a poboación na que se vai incidir, nin as porcentaxes. Que non é a primeira vez que se fai este proxecto e a día de hoxe non sabe os resultados que se acadaron, só que se investiron grandes cantidades neste tipo de proxectos e que a única maneira sería presentar estadísticas, obxectivos. Que este é un programa unica e exclusivamente destinado á prevención de drogodependencias en idade escolar, o cal lle parece ben, pero que é un problema que está aí, que está incrementándose, que tanto drogodependentes como camellos campan ás súas anchas e non se está facendo nada neste sentido, e que este tipo de proxectos debería de levar aparelado un programa de reinserción social e descoñece se este proxecto leva ese tipo de políticas. Entende que nun momento tan complicado dende o punto de vista económico, onde os fondos públicos escasean, estes fondos públicos hai que xestionalos moi ben.

Sr. Alcalde. Explica que se destina a unha poboación total de 22.822 euros, e unicamente ten unha labor de prevención, non fala de reinserción na sociedade.

Sr. Rodríguez Carbia. Reitérase no anteriormente dito. Pide información ao Concello sobre estes datos e esta problemática.

Sr. Alcalde. Contesta que na comisión informativa dixen que tiña a súa disposición a memoria 2013-2014 e aí veñen todos os datos.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que nesa memoria non veñen os datos deste ano. Que non piden datos dos anos anteriores. Que se supón que para facer un proxecto deste tipo partirán duns datos, dunhas estadísticas e que el preguntou por eses datos na comisión informativa e non se lle dou resposta.

Sr. Rodríguez Conde. Lembra que xa se traballaba fai uns anos nun proxecto que levaba o señor Isorna e non entende porque se cambiou de proxecto xa que estaba a funcionar con éxito. Que tamén botan de menos datos en relación ao marco de actuación e sobre o que se acadou e o que non. Consideran que todo o que sexan proxectos de prevención son importantes sobre todo nas áreas escolares.

Sra. Rey Pazos. Cree que a prevención é un factor importante pero que tamén hai que facer un plan non só para previr senón tamén para curar. Pregunta como se vai facer a contratación das dúas profesionais que van levar a cabo o proxecto.

Sr. Alcalde. Contesta que a contratación a fará o Concello de Dodro respetando a legalidade vixente pero



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

non sabe como.

Sra. Rey Pazos. Espera e esixen que sexa baixo os criterios de obxetividade, mérito e capacidade.

Sr. González Pardal. Di que comparten o anteriormente exposto e que quere incidir na problemática da drogadicción en Padrón e que hai que facer algo nese sentido. Pide as bases de contratación para poder informar á xente e pide que Dodro lles avise do baremo de contratación.

Sr. Forján Seoane. Parécelle ben que trouxeran a emenda recén aprobada posto que na comisión infortamativa preguntoulle si as persoas que tiñan que realizar este proxecto xa estaban contratadas e contestoulle que non, porque na proposta que sometía a aprobación si figuraba o nome de dúas persoas que agora eliminou.

Sr. Alcalde. Contesta que si llo dixera así explicariallo.

Sr. Forján Seoane. Comenta que é evidente que hai un problema de drogadicción que deberíase ampliar a vixilancia sobre todo na porta dos institutos e que se coñecen os puntos de venda e non se está facendo o suficiente e deberían tomarse medidas.

Sr. Alcalde. Contesta que se informou á policía local e á garda civil pero que non se dá traslado das investigacións porque supón que son segredas, pero que as actuacións estanse a levar a cabo.

Sr. Forján Seoane. Continúa dicindo que, do proxecto de fai dous anos, algúns dos seus proxectos cumpríuse o 0% e si había unha poboación diana de seiscentas ou setecentas persoas chegaron a dez ou a quince persoas. Que así o pon na Memoria. Comenta tamén que na comisión informativa o señor Alcalde dixo que para salarios destinábanse uns 87.000 euros aproximadamente dos 120.000 euros totais do proxecto e que o resto é para materiais e actividades.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto, coa inclusión da enmenda aprobada, a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Cinco (5), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

ABSTENCIÓNS: Seis (6), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda non aprobar o ditamen da Comisión Informativa B) desde Concello de data 16 de xullo de 2015, ao non acadar a maioría necesaria.

Sendo as vinte horas e vinte e catro minutos incorpórase á sesión plenaria o señor Santaló Ríos.

5.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE 169/2015, DO 26 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN OBRADOIRO DE EMPREGO DESTINADO ÁS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 16 de xullo de 2015, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. O 27 de xaneiro do 2015 publicouse no DOG número 17 a Orde do 21 de xaneiro do 2015 pola

que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

Segundo. Por Resolución do Alcalde número 169/2015, do 26 de febreiro, apróbase a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o obradoiro de emprego "Terras de Iria: Mocidade en Acción" conxuntamente cos concellos de Dodro e Rois, apróbase o texto do convenio de colaboración que se asina ese mesmo día entre os 3 concellos e designase representante para todo o relacionado con este convenio ao Alcalde do Concello de Rois.

Terceiro. O 27 de febreiro do 2015 o Alcalde do Concello de Rois presenta a solicitude de subvención no rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Cuarto. Por Providencia do Alcalde do 17 de abril do 2015 solicítase informe á secretaria e intervención municipais sobre a proposta de someter ao Pleno da Corporación Municipal a ratificación da Resolución 169/2015 tal e como se indica na mesma.

Quinto. O 20 de abril do 2015 emítese o informe da secretaria municipal e o 21 o da interventora.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao recollido no informe citado da secretaria municipal, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), debe entenderse que o Convenio de colaboración asinado o 26 de febreiro do 2015 recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Dodro e Padrón ao de Rois para a tramitación da subvención e o desenvolvemento do programa.

Segundo. De acordo ao informe da interventora municipal queda acreditado que a prestación deste servizo compartido non pon en risco a sustentabilidade financeira da facenda municipal e non existe duplicidade na prestación deste tipo de programas.

Terceiro. O artigo 47.2.h) da LBRL atribúe ao Pleno a adopción de acordos na seguinte materia e ademais establece que estos deberán ser adoptados por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Local:

"h) Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones Públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras Administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente."

Cuarto. Considerando que o texto do Convenio de colaboración é respetuoso coa regulación da figura de encomenda de xestión que fai o artigo 15 da LRXPAC, así como co establecido no artigo 6 sobre os convenios de colaboración,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar o Convenio de colaboración asinado o 26 de febreiro do 2015 entre os Concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida do obradoiro de emprego "Terras de Iria: Mocidade en acción", con efectos desde aquela data, e ratificar a Resolución do Alcalde 169/2015, do 26 de febreiro.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Reitera que cando se van investir 272.000 euros de fondos procedentes da administración na creación dun obradoiro de emprego hai que procurar quitarlle a maior rendabilidade posible e di que eso pasa pola integración no mundo laboral dun grupo de xoves que van participar nestes obradorios, en concreto 16 alumnos. Que se trata de dous módulos: un de dinamización de actividades de tempo libre e outro de publicacións de páxinas webs, e pregúntase se estas son as demandas na poboación xuvenil para insertarse no mundo laboral e si, unha vez rematados, van poder integrarse no mundo laboral. Di que o concello comprométese a insertar un 10% dos xoves, e pregunta cal é a demanda dos xoves neste momento e cales son as previsións de demanda laboral no campo destes cursos que se van impartir.

Sr. Alcalde. Contesta que no anterior o 15 ou 20% de inserción.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que non está na documentación e que entende que entre os tres concellos se pode acadar máis subvención pero que se trata de saber a demanda que hai no mercado laboral respecto destes dous cursos.

Sr. Santaló Ríos. Di que o goberno municipal xunto coa Xunta de Galicia teñen que ofertar cursos que teñan a maior demanda laboral e quere saber cales son os criterios de selección deses cursos.

Sr. Alcalde. Contesta que son os que máis puntúan e polo tanto hai máis posibilidades de que se concedan.

Sr. Santaló Ríos. Replica que os que teñen máis posibilidades deberían estar integrados no tecido productivo da comarca como é o aluminio e que todo o que se faga parécelle pouco e que isto é como unha gota nun vaso de auga, que debería ter unha visión máis ampla.

Sr. Alcalde. Responde que as especialidades solicitadas son importantes tamén e o aluminio entra dentro delas pero non só hai que centrarse aí, aínda que están pendentes de asinar convenios con empresas para facer outros cursos.

Sr. Santaló Ríos. Di que aproximadamente o 70 ou 80% dos cursos que se ofertan son deste tipo porque son unha especie de caixón desastre que son de fácil oferta pero non teñen posibilidades despois de traballo real.

Sr. Rodríguez Conde. Di que todos os anos, dun tempo para aquí, fanse obradoiros pero o importante é que logo teñan saídas laborais e que supón que na memoria virá especificado a porcentaxe de saídas laborais e que non se van opoñer a este proxecto.

Sra. Rey Pazos. Comenta que a xente da rúa quéixase de que o procedemento de contratación do profesorado deste tipo de postos non é o suficientemente público e solicita que ademais de publicarse no Taboleiro e no Boletín oficial que se publique tamén na páxina web.

Sr. Alcalde. Responde que a contratación do profesorado é tamén do INEM.

Sr. Teresa Rey. Replica que a xente quéixase de que se descoñecen os requisitos que está solicitando o Concello ao Servizo de Emprego para contratar ese profesorado e que sendo transparente e claro quizais acabariamos coas queixas deste tipo.

Sr. Alcalde. Responde que se envían ao INEM e pódense expoñer pero non antes porque senón a xente modificaría no INEM os seus datos para aparecer no listado.

Sra. Rey Pazos. Responde que si se cumpren os requisitos nada o impide.

Sr. González Pardal. Comenta que hai empresas na zona, nos tres concellos, homologadas pola Xunta e que deberían brindarlle a oportunidade de realizar estes cursos en canto ao profesorado.

Sr. Camilo Forján. Pregunta si para a realización de algúns destes cursos necesitanse locais especializados, non necesariamente para estos.

Sr. Alcalde. Contesta que si, para outros.

Sr. Forján Seoane. Pide que o grupo de goberno se mova e faga a homologación de máis cursos. Engade que o que están a facer é preparar á xente, durante seis meses, para ser montador de páxinas web e, o outro curso, habilita para ser monitor de tempo libre, e ao mellor son áreas que xa están suficientemente cubertas.

Sr. Alcalde. Contesta que para monitor de tempo libre hai demanda.

Sr. Camilo Forján. Replica que pode ser pero que existen outros centros que se adican exclusivamente a esta formación sen ser a través destes cursos e entende que tiñan que facer un estudo de necesidades no mercado e orientar estes cursos cara esas necesidades. Lembra que o señor Alcalde dixo que solicitan estes porque teñen máis posibilidades de que se concedan, pero que o obxectivo non debe ser que dean o curso senón que, unha vez realizado, as persoas que o fixeron poidan intergrarse no mundo laboral.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Nove (9), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, e polo concelleiro da CIPa señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría absoluta, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar o Convenio de colaboración asinado o 26 de febreiro do 2015 entre os Concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida do obradoiro de emprego "Terras de Iria: Mocidade en acción", con efectos desde aquela data, e ratificar a Resolución do Alcalde 169/2015, do 26 de febreiro.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.

6.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE 118/2015, DO 16 DE FEBREIRO, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO TERRAS DE IRIA II.

Dase conta da seguinte proposta dilaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 16 de xullo de 2015, que di:



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 16 de xaneiro do 2015 publicouse no DOG número 10 a Orde do 31 de decembro do 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2015 e 2016.

Segundo. Por Resolución do Alcalde número 118/2015, do 16 de febreiro, apróbase a solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o Programa Integrado de Emprego Terras de Iria II conxuntamente cos concellos de Dodro e Rois, apróbase o texto do convenio de colaboración asinado o día 13 de febreiro e designase representante para todo o relacionado con este convenio ao Alcalde do Concello de Dodro.

Terceiro. O 16 de febreiro do 2015 o Alcalde do Concello de Dodro presenta a solicitude de subvención no rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Cuarto. Por Providencia do Alcalde do 17 de abril do 2015 solicítase informe á secretaría e intervención municipais sobre a proposta de someter ao Pleno da Corporación Municipal a ratificación da Resolución 118/2015 tal e como se indica na mesma.

Quinto. O 20 de abril do 2015 emítese o informe da secretaria municipal e o 22 o da interventora.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao recollido no informe citado da secretaria municipal, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), debe entenderse que o Convenio de colaboración asinado o 13 de febreiro do 2015 recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Rois e Padrón ao de Dodro para a tramitación da subvención e o desenvolvemento do programa.

Segundo. De acordo ao informe da interventora municipal queda acreditado que a prestación deste servizo compartido non pon en risco a sustentabilidade financeira da facenda municipal e non existe duplicidade na prestación deste tipo de programas.

Terceiro. O artigo 47.2.h) da LBRL atribúe ao Pleno a adopción de acordos na seguinte materia e ademais establece que estos deberán ser adoptados por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Local:

"h) Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones Públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras Administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente."

Cuarto. Considerando que o texto do Convenio de colaboración é respetuoso coa regulación da figura de encomenda de xestión que fai o artigo 15 da LRXPAC, así como co establecido no artigo 6 sobre os convenios de colaboración,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar o Convenio de colaboración asinado o 13 de febreiro do 2015 entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do programa integrado de emprego Terras de Iria II, con efectos desde aquela data, e ratificar a Resolución do Alcalde 118/2015.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de

dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que a duración do programa son 12 meses entre os tres concellos beneficiarios, 60 personas traballadoras desempregadas, dos 60 beneficiarios o 50% corresponderán ao colectivo de menos de 30 anos desempregados que teñan baixa cualificación, o 33,33% a menores de 30 anos desempregados e o 16,66% a persoas desempregadas receptoras de prestacións, subsidios por desemprego e renda activa e reinserción. Engade que o orzamento é de 100.000 euros, a subvención solicitada de 82.000 euros, a financiación dos concellos de 18.000 euros e o obxectivo de inserción é do 30%

Sr. Rodríguez Carbia. Di que é un programa diferente o anterior e que pouco ten que dicir porque selecciona a Xunta de Galicia e o proceso é dirixido por ela e pregunta si o fai nos propios concellos.

Sr. Alcalde. Contesta que si, no Concello de Dodro e o proceso é dirixido pola Xunta de Galicia en coordinación do Concello de Dodro como director.

Sr. Santaló Ríos. Di que o da inserción é un problema social en Padrón bastante grave porque ata o de agora sempre se exclueu a estas persoas e que lle gustaría facer unha comprobación efectiva da inserción laboral de ese 30%.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta en que vai consistir o traballo dos Concellos.

Sr. Alcalde. Contesta que Padrón e Rois nada e que Dodro dirixe ca Xunta.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta cantas persoas se beneficiarían.

Sr. Alcalde. Contesta que 60 persoas.

Sra. Rey Pazos. Comenta que os Concellos teñen a obriga de insertar laboralmente a unha porcentaxe desas persoas e pregunta cal é a porcentaxe que lle correspondería a Padrón pagar no caso de que non se conseguira insertar a esas persoas.

Sr. Alcalde. Contesta que anteriormente cumpriron obxetivos e que depende dos integrados de cada Concello.

Sra. Rey Pazos. Pregunta se se valora en conxunto.

Sr. Alcalde. Responde que se valora en conxunto e a responsabilidade é de Dodro e o normal sería que Dodro llo reclamara a Padrón.

Sr. González Pardo. Pregunta si dos 60 beneficiarios hai algún tipo de porcentaxe para cada concello.

Sr. Alcalde. Contesta que hai unha porcentaxe prorrateado por habitante e municipio e no anterior a Padrón correspondeulle un 50%.

Sr. González Pardo. Pregunta se a esa xente a vai elixir o Concello de Dodro.

Sr. Alcalde. Responde que si, xunto ca Xunta, e que en todo caso se Dodro solicita un técnico de Padrón irá o técnico de Padrón a facer o apoio pero que tamén pode non solicitalo.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Nove (9), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, e polo concelleiro da CIPa señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría absoluta, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar o Convenio de colaboración asinado o 13 de febreiro do 2015 entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do programa integrado de emprego Terras de Iria II, con efectos desde aquela data, e ratificar a Resolución do Alcalde 118/2015.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.

7.- PROPOSTA AO PLENO: RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE 354/2015, DO 29 DE ABRIL, POLA QUE SE APROBA A XESTIÓN COMPARTIDA COS CONCELLOS DE PADRÓN E ROIS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INEGA PARA A FINANCIACIÓN DUN PROXECTO DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMBRADO PÚBLICO.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 27 de xullo de 2015, que di:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 30 de marzo do 2015 publicouse no DOG número 60 a Resolución do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) do 18 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos Concellos de Galicia (ILE), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

Segundo. Por Resolución do Alcalde número 354/2015, do 29 de abril, apróbase, entre outras cuestións:

- A constitución da agrupación dos concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida das obras e equipamentos de renovación de instalacións de iluminación exterior nos tres concellos contidas na Memoria técnica que se inclúe no expediente.
- Aprobar a Memoria técnica de instalacións de iluminación exterior.
- Solicitar ao INEGA unha subvención para o financiamento deste investimento por importe do 85% do orzamento elixible.
- Aceptar o nomeamento do Alcalde de Padrón como representante da agrupación ante o INEGA.
- Solicitar a subvención para as obras que se pretenden executar mediante a fórmula de contratación

individualizada.

Terceiro. Por Providencia do Alcalde do 17 de xullo do 2015 solicítase á secretaria municipal informe xurídico sobre a necesidade de que o Pleno ratifique a Resolución 354/2015, do 29 de abril. Este resulta emitido o 21 de xullo en sentido favorable e inclúe unha proposta de convenio de colaboración a asinar entre os 3 concellos.

Cuarto. Dado que o acordo require maioría absoluta, o mesmo día 21 de xullo emítase o informe da interventora municipal, tamén en sentido favorable.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao recollido no informe citado da secretaria municipal, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), debe entenderse que a Resolución do Alcalde 354/2015 recolle unha encomenda de xestión ao Concello de Padrón por parte dos de Dodro e Rois para a xestión e tramitación da subvención ante o INEGA.

Segundo. O artigo 47.2.h) da LBRL atribúe ao Pleno a adopción de acordos na seguinte materia e ademais establece que estos deberán ser adoptados por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Local:

"h) Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones Públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras Administraciones, salvo que por Ley se impongan oblligatoriamente."

Terceiro. Dada a competencia plenaria a propia Resolución 354/2015 prevé que a súa eficacia queda condicionada á ratificación da mesma polo Pleno da Corporación Municipal.

Cuarto. De acordo ao establecido no artigo 15.4 da LRXPAC e no apartado 2 do artigo 6.A.2 das bases que regulan esta subvención, a colaboración entre as partes deberá formalizarse a través da sinatura dun convenio de colaboración e este, unha vez concedida a subvención, deberá remitirse ao INEGA no prazo máximo dun mes, polo que,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Ratificar en todos os seus términos a Resolución do Alcalde 354/2015, do 29 de abril, pola que se acorda a constitución da agrupación dos Concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida da subvención solicitada ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para a realización do proxecto de aforro e eficiencia enerxética denominado "Renovación de instalacións de iluminación exterior nos Concellos de Dodro, Padrón e Rois" que se describe na Memoria técnica que se inclúe no expediente, ao abeiro da Resolución do INEGA do 18 de marzo de 2015, publicada no DOG número 60 do 30 de marzo de 2015.

Segundo. Aprobar o texto do Convenio de colaboración que deberán asinar os tres Concellos unha vez concedida a subvención segundo a proposta realizada o 21 de xullo de 2015 por parte da secretaria municipal e facultar ao señor Alcalde para a súa sinatura en nome e representación do Concello de Padrón .

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadrón.es

www.concellodepadrón.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Rodríguez Carbia. Agradece ao concelleiro o cumprimento do compromiso de entregar o plano dos puntos de luz nos que se vai actuar e que bota en falta alguna zona que se debería incluír como a zona do acceso do Xardín e a zona do paseo do río Sar que pasa polo Cemiterio e que vai ata Carcacia, tanto dun lado coma do outro. Que tamén se debería incidir dende a zona da Praza de Abastos ata a zona do final da Feira e tamén dende o centro médico ata a rúa Noirmoutier. Que tamén a pista do Bordel precisa puntos de luz xa que é unha zona frecuentemente transitada. Entende que todos eles son necesarios e que lle gustaría que houbera un proxecto global en canto a este tema.

Sr Alcalde. Contesta que non o hai, que se vai facendo por áreas conforme ás posibilidades que existan.

Sr. Santaló Ríos. Parécelle que en canto a este tema o prioritario tería que ser a seguridade, que neste proxecto contémpnanse actuacións para levalo a cabo como o cambio de tapas de seguridade nos rexistros dos contadores, pero nas farolas, onde xa se fixeron as denuncias pertinentes, seguen a estar mal con tapas que se soltan e supoñen un perigo, polo que entende que o prioritario sería facer unha revisión completa das farolas do Concello para garantir a seguridade. Coincide tamén co señor Rodríguez Carbia que a zona que lle parece máis grave é a de detrás do campo de fútbol e a rúa Noirmoutier porque, como xa teñen dito nalgunha moción, esta non está integrada no casco urbano de Padrón e tamén ao lado do río Sar. Di tamén que todo o alumbrado público debería estar incluído nun proceso de licitación e dar unha organización conxunta integrada nese proceso de licitación porque o único que se fai así é ir parcheando. Tamén di que lle gustaría ter presenza no proceso de licitación deste contrato e estar presente a oposición nese proceso de licitación.

Sr. Guillán Iglesias. Di que está de acordo co anteriormente exposto pero que está en contra dun apartado: si o convenio é dos tres concellos pregunta por que a licitación ten que ser individualizada. Que saben polo que se fai pero que están en contra diso e que si entre os tres Concellos se supera a cuantía para facer a licitación pública pois que se faga. Que doutra forma é dalo a dedo e que eles están en contra diso.

Sra. Rey Pazos. Di que ten a sensación que todas as subvencións son remendos e que non son solucións a longo prazo ou definitivas e que ten a sensación de que estamos a pedir cartos por pedir e que polo tanto é hora de mollarse e votar en contra porque entenden que é única forma de que este goberno se poña as pilas e empece a facer as cousas ben. Cren que hai que facer un plan enerxético para poder aforrar. Chámalle moito a atención o que dixo o señor Guillán Iglesias e que tamén dixeron eles mesmos na comisión informativa: a subvención solicítase con outros concellos e o señor Alcalde dixo que o material íase comprar conxuntamente pero logo a execución é individual. Entenden que non se están a facer as cousas o ben que se debería. Pregúntase por que non se loita polo mellor e que ten a sensación de que todo son parches e máis parches. Que si se fai un plan logo cando chegan estas subvencións pódese buscar para que sexan realmente efectivas e conquistar o obxectivo desa subvención.

Sr. González Pardal. Incide en que hai que facer un estudo pormenorizado para intentar reducir ou aforrar enerxía porque a facturación é elevada e ademais debería sacarse a concurso público o tema do alumbrado. Que están de acordo en aproveitar este tipo de subvencións pero que hai que facer, dunha vez por todas e hai catro anos por diante, un estudo enerxético. Cree que anteriormente o Partido Galeguista presentou algunha proposta neste sentido e que hai outros concellos como o de Ribeira que o fixo e o aforro é considerable e pódese copiar deses concellos e sacalo a concurso público e que a empresa resultante sexa a que leve a cabo este traballo.

Sr. Forján Seoane. Lembra que na comisión informativa tiñan dúbidas sobre os puntos de luz que ían substituír e que a documentación se lle acaba de entregar agora antes do pleno, polo que pide que en próximas ocasións, que seguramente haberá, a entrega da documentación sexa máis dilixente. Pregunta si avanzaron algo no traballo para licitar o mantemento do sistema eléctrico público municipal porque xa lle dixo en diversas ocasións ao señor Alcalde que lle quedaron enriba da mesa dous estudos sobre os puntos de luz que había no Concello e pasaron catro anos e dalle a impresión que non se fixo nada nese sentido.

Sr. Alcalde. Contesta que hai que facer un estudo económico-financeiro pero que o teñen que facer persoal do Concello, que os estudos que había eran de empresas privadas.

Sr. Forján Seoane. Replica que eran puntos de luz.

Sr. Alcalde. Di que hai que facer o estudo económico-financeiro e que está completamente de acordo en que hai que sacar a licitación.

Sr. Forján Seoane. Explica que soamente se van cambiar as lámparas e que no entorno onde el vive, en Iria, hai farolas ás que lle caeron a protección e que non se está facendo nada a este respecto e levan meses así e engade que unha está na Azucarera, outra na estrada vella e hai algunhas que alumbran aos avións, por exemplo fronte a de Orosa e calquera pode velas todos os días. Pregunta entón si van incidir en todo isto ou só van cambiar as bombillas.

Sr. Alcalde. Contesta que van incidir en todo iso pero non con este proxecto

Sr. Forján Seoane. Pregunta si entón van deixalas así.

Sr. Alcalde. Contesta que non, que haberá que arranxalas.

Sr. Forján Seoane. Con respecto ao tema comentado polos outros grupos do por que se fracciona esta contratación que é unha subministración, pregunta si se está a facer un fraccionamento dun contrato. Que os materiais valen moito máis que a colocación e por iso é unha subministración e si eses materiais vanse comprar en conxunto, que é o gasto forte, por que fraccionamos a instalación desas novas luminarias e de aí a pregunta de si estamos facendo un fraccionamento dun contrato.

Sr. Alcalde. Di que quen pode contestar mellor a isto é a Secretaria ou a Interventora e seguidamente pregunta á señora secretaria por que motivo se fraccionou este contrato mediante contratación individualiza.

Sr. Forján Seoane. Puntualiza ao señor Alcalde sobre o que está a dicir "por que se fraccionou este contrato"

Sr. Alcalde. Explica que se refire ao fraccionamento entre Padrón, Rois e Dodro. Engade que si o fai este Concello ten que pagalo todo Padrón e lembra que o outro día a señora Rey Pazos preguntaba por que non se empezaban as obras xa porque o tempo ía estar moi xusto para facelo e a resposta foi que, nese caso, o Concello tería que adiantar os cartos e senón concederan a subvención non poderían facelo orzamentariamente.

Pregunta á señora secretaria si isto é un fraccionamento do contrato.


Sra. Secretaria. Responde que o porque se fixo así non o sabe, que o descoñece; sobre si é un fraccionamento de contrato ao afectar só ao término municipal de Padrón entende que non é un fraccionamento do contrato, hai un órgano competente que fai un contrato dentro do seu término municipal, con independencia que solicitara unha subvención conxuntamente con outros concellos; sobre a cuestión de si sae mellor economicamente ou non tamén o descoñece porque non hai aínda ofertas, pero que non quere dicir que haxa un fraccionamento do contrato porque o está facendo Padrón para o seu término municipal.

Sr. Alcalde. Replica ao señor Forján Seoane que está a falar de fraccionamento de contrato para que non pase os niveis de contratación para non cambiar o tipo de negociación.

Sr. Forján Seoane. Contesta que si porque o proxecto é de setenta e pico mil euros e si é unha subministración a cantidade para adxudicación directa é reducida e si se fixera toda a adxudicación habería que ir a outro tipo de licitación.

Sr. Alcalde. Replica que, de todas formas, si se cambia o tipo de licitación non daría tempo a facer a subministración antes de que finalice o prazo para a xustificación.

Sr. Rodríguez Carbia. Entende, polo que acaba de escoitar, que existe unha contradición entre a resposta que o señor Alcalde lle dou a el anteriormente e a resposta de agora e, polo tanto, pregunta de novo si existe un proxecto.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcaide. Contesta que existe unha memoria non un proxecto.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si existe unha memoria de todo o término municipal.

Sr. Alcalde. Contesta, como xa dixo, que non.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que entón non entende porque acaba de dicirse que o señor Forján Seoane deixoulle un proxecto enriba da mesa.

Sr. Alcalde. Explica que o señor Forján Seoane deixou no armario un estudo dunha empresa, que non é un proxecto global de todo o Concello.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que si hai un estudo este pode converterse nun proxecto si é que está completo pero ademais, si está completo, tamén hai unha contradicción co que acaba de manifestar o señor Alcaide porque dixo que é necesario facer un estudo económico-financeiro pero non pode facelo porque non ten dispoñibilidade presupuestaria nos orzamentos do Concello de Padrón, porque no capítulo VI, que é o de investimentos onde iría ese estudo económico-financeiro, non hai crédito e tería que facer uns orzamentos municipais porque cos prorrogados non pode facelo. Pide ao señor Alcalde que non engane á xente.

Sr. Alcaide. Replica que o señor Rodríguez Carbia o que non quere é escoitar. Que falou dun estudo económico-financeiro e que o Concello ten un técnico económico que pertence a intervención que xa fixo moitos estudos económicos-financeiros como, por exemplo, para o lixo e polo tanto non hai por que facer o estudo económico-financeiro fóra.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que o problema non é ese, que o problema é que non hai partida con consignación.

Sr. Alcalde. Replica que o faría con persoal do Concello.

Sr. Santaló Ríos. Pide un compromiso por parte do goberno municipal para que poidan presentar suxestións sobre as empresas ás que van invitar dado que supón será un procedemento negociado.

Sr. Alcalde. Entende que o que quere o señor Santaló Ríos é que se comprometa a invitar ás empresas que él lle diga.

Sr. Santaló Ríos. Contesta que tamén queren saber o criterio que van seguir no proceso para chamar a determinadas empresas.

Sra. Rey Pazos. Explica que outro dos motivos polos que ven que esta subvención non será operativa é porque vaise facer un aforro pero a iluminación será a mesma, a cal é moi mala ou nula.

Sr. Pardo Andrade. Replica que entón o mellor será non facer nada e que isto suporía un aforro dun 30%.

Sra. Rey Pazos. Contesta que o mellor sería que os pasos de peóns estivesen iluminados, que a xente cando vai pola rúa poida ver, que non teña medo para pasear pola noite ou para ir a súa casa, e isto é o que está pasando en Padrón: que cando unha persoa cruza nun paso de peóns non se lle ve, e si isto non preocupa ao grupo de goberno mal vamos.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que si preocupa pero que esta subvención é o que dan.

Sra. Rey Pazos. Cree que nesta subvención entraba tamén cambiar as farolas.

Sr. Alcalde. Contesta que si e que tamén entraba a redución de consumos con reloxos astronómicos e máis cousas.

Sra. Rey Pazos. Replica que está de acordo pero que para conseguir non quedar só nun remendo, trátase de conseguir solucións reais e están de acordo co aforro enerxético pero si este non vai acompañado dunha

iluminación correcta non vale de nada.

Sr. Alcalde. Dille á señora Rey Pazos que si vota en contra non está de acordo.

Sra. Rey Pazos. Contesta que é verdade: non está de acordo en como se vai contratar, non está de acordo co que se vai pedir e non está de acordo co custo.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

VOTOS EN CONTRA: Cinco (5), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

ABSTENCIÓNS: Ningunha

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría absoluta, o seguinte acordo:

Primeiro. Ratificar en todos os seus termos a Resolución do Alcalde 354/2015, do 29 de abril, pola que se acorda a constitución da agrupación dos Concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida da subvención solicitada ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para a realización do proxecto de aforro e eficiencia enerxética denominado "Renovación de instalacións de iluminación exterior nos Concellos de Dodro, Padrón e Rois" que se describe na Memoria técnica que se inclúe no expediente, ao abeiro da Resolución do INEGA do 18 de marzo de 2015, publicada no DOG número 60 do 30 de marzo de 2015.

Segundo. Aprobar o texto do Convenio de colaboración que deberán asinar os tres Concellos unha vez concedida a subvención segundo a proposta realizada o 21 de xullo de 2015 por parte da secretaria municipal e facultar ao señor Alcalde para a súa sinatura en nome e representación do Concello de Padrón .

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.

8.- RÉXIME DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 27 de xullo de 2015, que di:

<<Visto que na sesión realizada polo Pleno da Corporación Municipal o 2 de xullo de 2015 acordouse crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

1. Comisión Especial de Contas, á que lle corresponderá o exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.
2. Comisión Informativa A), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de urbanismo, videnda e solo, vías e obras, servizos públicos e casco histórico.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

3. Comisión Informativa B), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de cultura, turismo, comercio, igualdade e muller, xuventude e voluntariado, política lingüística, información e comunicación, festexos, novas tecnoloxías, educación e ensino, benestar e servizos sociais, praza de abastos e mercados.
4. Comisión Informativa C), á que lle corresponderá o estudo e ditamen dos asuntos relativos ás áreas de deportes, promoción do emprego e traballo, persoal, réxime interior, tráfico, seguridade cidadá e economía e facenda.

Considerando que o artigo 134 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF), establece que as comisións informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno, nos días e horas que estableza o Alcalde da Corporación.

Considerando que o artigo 212.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG), recolle tamén que a perioricidade das sesións ordinarias das comisións de estudo, informe ou consulta e dos órganos de participación será determinada polo Pleno e que, en todo caso, será preceptiva a reunión das comisións con anterioridade ao pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes, e que os apartados 3 e 4 deste mesmo artigo prevén que a Comisión Especial de Contas terá que reunirse antes do 1 de xullo de cada ano para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais da entidade local e que as contas e documentación complementaria estarán a disposición dos membros da Comisión para exame e consulta como mínimo 15 días antes da reunión.

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Establecer que as sesións ordinarias das Comisións Informativas A), B) e C) se realicen no terceiro día anterior ao de realización da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal sempre que na orde do día deste último se vaian incluír asuntos que deban ser ditaminados previamente por algunha delas.

No suposto de que non se prevean asuntos da competencia dalgunha destas 3 Comisións Informativas se entenderá que non se dan os presupostos para a realización da sesión ordinaria.

Segundo. Establecer que as sesións ordinarias da Comisión Especial de Contas se realicen no décimo sexto día posterior ao que a Intervención Municipal poña a disposición do señor Alcalde o expediente rematado da Conta Xeral do ano correspondente.

Terceiro. Para os supostos nos que os días sinalados coincidan en día inhábil ou en sábado, facultar ao señor Alcalde-Presidente para alterar o día de realización da sesión ordinaria na data máis próxima posible á inicial.

Cuarto. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día da súa aprobación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que o réxime proposto é exactamente igual á anterior lexislatura e igual que á anterior máis.

Sr. Rodríguez Carbia. Suxire que a ser posible se fagan ás dez horas.

Sr. Alcalde. Contesta que se fará así na medida do posible.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado por

unanimidade das concelleiras e concelleiros presentes, en total trece (13), polo que o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Establecer que as sesións ordinarias das Comisións Informativas A), B) e C) se realicen no terceiro día anterior ao de realización da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal sempre que na orde do día deste último se vaian incluír asuntos que deban ser ditaminados previamente por algunha delas.

No suposto de que non se prevean asuntos da competencia da algunha destas 3 Comisións Informativas se entenderá que non se dan os presupostos para a realización da sesión ordinaria.

Segundo. Establecer que as sesións ordinarias da Comisión Especial de Contas se realicen no décimo sexto día posterior ao que a Intervención Municipal poña a disposición do señor Alcalde o expediente rematado da Conta Xeral do ano correspondente.

Terceiro. Para os supostos nos que os días sinalados coincidan en día inhábil ou en sábado, facultar ao señor Alcalde-Presidente para alterar o día de realización da sesión ordinaria na data máis próxima posible á inicial.

Cuarto. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día da súa aprobación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

9.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE PADRÓN NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DA CORUÑA.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 27 de xullo de 2015, que di:

<<Visto que o artigo 38 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF), atribúe ao Pleno da Corporación a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Visto que o 20 de xullo do 2015 tivo entrada no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello solicitude do Delegado de Economía e Facenda para que, antes do 22 de agosto de 2015, se nomee a un dos Concellos da Provincia da Coruña que relaciona no escrito para que represente ao de Padrón no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Coruña, polo que

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Propoñer ao Concello de Padrón para que represente ao mesmo no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Coruña.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Comunicar o presente acordo á Delegación do Ministerio de Economía e Facenda de Galicia.>>

Non habendo intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado por unanimidade das concelleiras e concelleiros presentes, en total trece (13), polo que o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Primeiro. Proponer ao Concello de Padrón para que represente ao mesmo no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Coruña.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Comunicar o presente acordo á Delegación do Ministerio de Economía e Facenda de Galicia.

10.- APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 27 de xullo de 2015, que di:

<<En base ao disposto nos artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, polo que se regulan as xornadas de traballo, as xornadas especiais e os descansos, que literalmente di que *"serán tamén inhábiles para el trabajo, retribuidos y no recuperables, hasta dos días de cada año natural con carácter de fiestas locales que por tradición les sean propias en cada municipio, determinándose por la autoridad laboral competente -a propuesta del Pleno del Ayuntamiento correspondiente- y publicándose en el "Boletín Oficial de la Comunidad Autónoma" y, en su caso, en el "Boletín Oficial" de la provincia"*, e

Visto que habitualmente a Consellería de Traballo e Benestar esixe que antes de finalizar o mes de setembro do ano en curso se lle remita o acordo aprobando as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste término municipal e visto que a próxima sesión plenaria ordinaria non terá lugar ata o 24 de setembro do 2015,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar como festivos locais para o ano 2016 do Concello de Padrón os seguintes días:

- 28 de marzo do 2016 – Luns de Pascua.
- 6 de maio do 2016 (venres) – San Xoán do Raio.

Segundo. Comunicar o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e aos representantes dos e das traballadoras municipais.

Terceiro. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Di que os días festivos locais son o 28 de marzo do 2016, Luns de Pascua, e 6 de maio do 2016, San Xoán do Raio.

Sr. González Pardal. Pregunta si en algún momento se preguntou á Asociación de Empresarios de Padrón xa que tamén lles afecta.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

Sr. Santaló Ríos. Di que tamén aos Centros de ensino.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, sendo aprobado por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes, en total trece (13), polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar como festivos locais para o ano 2016 do Concello de Padrón os seguintes días:

- 28 de marzo do 2016 – Luns de Pascua.
- 6 de maio do 2016 (venres) – San Xoán do Raio.

Segundo. Comunicar o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e aos representantes dos e das traballadoras municipais.

Terceiro. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

11.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚMERO 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 27 de xullo de 2015, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo do Pleno da Corporación Municipal adoptado na sesión realizada o 28 de agosto do 2014 aprobouse inicialmente a modificación número 3 da Relación de postos de traballo do persoal funcionario deste Concello na cal se crea o posto 01.00.08 "Técnico de xestión do departamento de secretaría".

Segundo. O anterior acordo quedou elevado a definitivo ao non terse presentado, durante o período de exposición ao público, reclamación ou alegación algunha ao mesmo e foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 183 do 25 de setembro do 2014 e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Terceiro. Por Providencia do señor Alcalde do 10 de decembro do 2014 solicítase á secretaria municipal unha proposta de bases para regular o procedemento de selección para proveer o posto de técnico de xestión de secretaría e proceder á súa convocatoria. O mesmo se reitera na Providencia do 28 de abril do 2015.

Cuarto. O 29 de xuño do 2015 a secretaria municipal informa que na modificación número 3 da RPT aprobada non se inclueu o sistema de valoración por puntos que determina o complemento específico atribuído ao posto nin tampouco as "responsabilidades xerais" nin as "tarefas máis significativas" cuestións todas elas que si se recollen para o resto dos postos que se incúen na RPT. No mesmo informe realizase unha proposta das responsabilidades xerais e das tarefas máis significativas.

Quinto. Por Providencia do Alcalde do 30 de xuño do 2015 solicítase da intervención municipal informe sobre o sistema de valoración por puntos que determinou o complemento específico atribuído ao posto, o cal resulta emitido o 7 de xullo.

Sexto. Sobre a base do informado pola interventora e secretaria municipais, o 15 de xullo o señor Alcalde formula proposta de valoración por puntos do posto de traballo e das responsabilidades xerais e tarefas



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

máis significativas atribuídas ao mesmo, a cal sométese á consideración da Mesa Xeral de Negociación na reuñón realizada o 21 de xullo do 2015.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o informado pola secretaria e interventora municipais o 29 de xuño e 7 de xullo respectivamente, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo. Considerando o disposto nos artigos 74 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público (EBEP), 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 126.4 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (TRRL), que recollen o contido mínimo das relacións de postos de traballo e a remisión á lexislación básica estatal sobre a materia.

Terceiro. Considerando que o artigo 35.1 do Convenio colectivo e acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Padrón (publicado no BOP número 3 do 5 de xaneiro do 2009), recolle que será obxecto de negociación no ámbito da Mesa Xeral de Negociación a clasificación de postos de traballo (apartado d), os sistemas de ingreso, provisión e promoción dos empregados municipais (apartado g) e cantas outras afecten ás condicións de traballo (apartado j) e que o artigo 65.5 do mesmo engade que tanto a relación de postos de traballo como as súas modificacións posteriores deberán ser sometidas a informe dos correspondentes órganos de representación do persoal municipal, cando supoñan modificación das condicións de traballo.

Cuarto. Considerando que os apartados b), c) e k) do artigo 37.1 do EBEP prevén que serán obxecto de negociación a determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios, as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos e as que afecten ás condicións de traballo e as retribucións dos funcionarios.

Quinto. Considerando que os apartados 2 e 3 do artigo 202 da Lei 2/2015, do empregado público de Galicia (LEPG), recollen o procedemento de aprobación da relación de postos de traballo dunha entidade local e polo tanto da súa modificación, e que o artigo 22.2.e) da LBRL atribúe ao Pleno da Corporación Municipal a competencia para a súa aprobación.

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación número 4 da Relación de postos de traballo do persoal funcionario do Concello de Padrón consistente en incluír o seguinte cadro descritivo do posto de traballo 01.00.08 segundo os criterios previstos na propia RPT:

DESCRIPCIÓN DO POSTO: Técnico de xestión de secretaría

CÓDIGO DO POSTO DE TRABALLO: 01.00.08

ESCALA: Administración xeral.

SUBESCALA: De xestión.

GRUPO: A2

NIVEL: 24

XORNADA: Continua.

TIPO DE POSTO: Singularizado.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: Oposición ou concurso-oposición.

SISTEMA DE PROVISIÓN: Concurso.

CUANTIFICACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO (PUNTOS/EUROS):

CRITERIO	PUNTOS	VALOR	CRITERIO	PUNTOS	VALOR
DIFICULTADE TÉCNICA A1	4	1.705,61	DIFICULTADE TÉCNICA A2	4	1.705,61

DEDICACIÓN	1	213,2016	RESPONSABILIDADE C1	2	426,40
RESPONSABILIDADE C2	4	1.705,61	RESPONSABILIDADE C3	1	213,2016
RESPONSABILIDADE C4	4	1.705,61	PERIGOSIDADE	1	213,2016
PENOSIDADE	1	213,2016			
TOTAL COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 8.101,66 EUROS					

RESPONSABILIDADES XERAIS:

- Control e seguimento dos expedientes e asuntos que se tramitan no servizo.
- Coordinación e organización do traballo realizado polo resto do persoal asdrito a este departamento seguindo as instrucións da xefatura do departamento .
- Colaboración e auxilio nas tarefas e funcións propias da xefatura do departamento.

TAREFAS MÁIS SIGNIFICATIVAS:

- Redacción de informes e propostas de acordos, seguindo as instrucións e modelos facilitados pola xefatura do departamento.
- Búsqueda de información e datos para a elaboración das propostas de acordos e informes.
- Xestión e control dos expedientes de contratación, selección de persoal, provisión de postos de traballo, xestión patrimonial, expropiación forzosa, xestión e planeamento urbanístico, estatística, procedementos sancionadores ou calquera outro atribuído ao departamento.
- Asunción, nos casos en que así se estableza, da secretaría dos tribunais de selección, das mesas de contratación e de órganos colexiados municipais.
- Cobertura accidental do posto de Secretario xeral nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade do titular. Nos casos en que esta substitución supere os 15 días hábiles seguidos, devengarase dereito á percepción das diferencias dos complementos de posto.

Segundo. Abrir un período de información ao público de vinte (20) días hábiles contados desde a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante o cal todas as persoas interesadas poderán formular as reclamacións, suxestións ou alegacións que consideren oportuno.

Terceiro. O presente acordo entenderase definitivamente aprobado si durante o período de exposición ao público non se presenta ningunha reclamación, suxestión ou alegación ao mesmo. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva expresa logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Cuarto. Unha vez aprobada definitivamente a presente modificación, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e remitirase, no prazo máximo de trinta (30) días, unha copia da mesma aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Entende que é un posto de traballo necesario para dar fluidez aos expedientes administrativos que redunden no beneficio dos veciños e veciñas do Concello, pero di que lle gustaría que se fixera un estudo a través dunha RPT de cales son as necesidades de emprego público para ser moito máis efectivo e eficiente para poder mellorar a relación cos administrados. Di que actualmente esta administración está totalmente descompensada en canto ao réxime de empregados públicos e que é necesario buscar unha solución para facer unha administración máis próxima aos veciños e veciñas rexida polos principios administrativos de eficiencia, prontitude e rapidez na resolución dos expedientes e das consultas que fagan nas dependencias municipais. Que está de acordo con este posto de traballo pero quere recalcar que a selección deberá facerse baixo os criterios de transparencia, igualdade, mérito e capacidade. Que a administración hai tempo que perdeu o carácter dedocrático e que a selección debe facerse con criterios transparentes.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Contesta que entende que non pode ser de outra maneira.

Sr. Santaló Ríos. Entende que a aprobación desta praza é moi necesaria para axilizar o traballo e que en canto á convocatoria e requisitos non teñen nada que obxetar. Que lle gustaría saber canto antes cales son os requisitos de selección e a baremación para poder acceder a este posto de traballo, xunto co temario posto que é o que máis lle interesa aos posibles candidatos.

Sr. Alcalde. Contesta que lle pode dar traslado da proposta de bases antes da Xunta de Goberno Local pero sin aprobalas realmente non hai bases e sempre co deber por parte dos concelleiros de gardar o segredo necesario e que non poidan ser utilizados antes da aprobación.

Sr. Santaló Ríos. Reitera que lle gustaría coñecer a proposta dos órganos administrativos e un seguimento de todos os pasos que se foran dando co compromiso de confidencialidade.

Sr. Rodríguez Conde. Di que a súa postura é a mesma que cando se iniciou este expediente, no Pleno do 28 de agosto de 2014. Consideran que si é necesario este posto de traballo pero que é un parche, que para ter unha administración local eficiente é necesario ter unha relación de postos de traballo, que para unha administración local eficiente é necesario ter unha RPT que vai dicir onde son necesarios novos postos ou non e hai informes técnicos que avalan esta postura. Que é un instrumento obrigatorio na administración local e o mellor para organizar as responsabilidades dos traballadores dado que se sabe o que se espera do traballador e aquel que non actúe de forma consistente aplicarlle o expediente disciplinario correspondente e ao bo traballador retribuílo convenientemente. Entenden que as cousas deben facerse ben, con estudos, e que isto é un parche e para mellorar os servizos públicos do Concello consideran que se debe facer unha RPT.

Sra. Rey Pazos. Reitera en que o mellor é buscar unha solución a longo prazo e incide na solicitude feita polo señor Santaló Ríos de que se lles permita coñecer os requisitos e os baremos de selección.

Sr. Forján Seoane. Di que neste Concello hai un déficit para colaborar nos departamentos de intervención e secretaría e por iso van apoiar esta proposta pero que tamén saben que é necesaria unha RPT e pide ao grupo de goberno que sexan valentes e fagan a RPT xa que saben que iso pode dar lugar a deixar a xente sen posto de traballo.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dez (10), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbla.

VOTOS EN CONTRA: Dous (2), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación número 4 da Relación de postos de traballo do persoal funcionario do Concello de Padrón consistente en incluír o seguinte cadro descritivo do posto de traballo 01.00.08 segundo os criterios previstos na propia RPT:

DESCRIPCIÓN DO POSTO: Técnico de xestión de secretaría

CÓDIGO DO POSTO DE TRABALLO: 01.00.08

ESCALA: Administración xeral.

SUBESCALA: De xestión.

GRUPO: A2

NIVEL: 24

XORNADA: Continua

TIPO DE POSTO: Singularizado

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: Oposición ou concurso-oposición. SISTEMA DE PROVISIÓN: Concurso.

CUANTIFICACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO (PUNTOS/EUROS):

CRITERIO	PUNTOS	VALOR	CRITERIO	PUNTOS	VALOR
DIFICULTADE TÉCNICA A1	4	1.705,61	DIFICULTADE TÉCNICA A2	4	1.705,61
DEDICACIÓN	1	213,2016	RESPONSABILIDADE C1	2	426,40
RESPONSABILIDADE C2	4	1.705,61	RESPONSABILIDADE C3	1	213,2016
RESPONSABILIDADE C4	4	1.705,61	PERIGOSIDADE	1	213,2016
PENOSIDADE	1	213,2016			

TOTAL COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 8.101,66 EUROS

RESPONSABILIDADES XERAIS:

- Control e seguimento dos expedientes e asuntos que se tramitan no servizo.
- Coordinación e organización do traballo realizado polo resto do persoal asdcrito a este departamento seguindo as instrucións da xefatura do departamento .
- Colaboración e auxilio nas tarefas e funcións propias da xefatura do departamento.

TAREFAS MÁIS SIGNIFICATIVAS:


- Redacción de informes e propostas de acordos, seguindo as instrucións e modelos facilitados pola xefatura do departamento.
- Búsqueda de información e datos para a elaboración das propostas de acordos e informes.
- Xestión e control dos expedientes de contratación, selección de persoal, provisión de postos de traballo, xestión patrimonial, expropiación forzosa, xestión e planeamento urbanístico, estatística, procedementos sancionadores ou calquera outro atribuído ao departamento.
- Asunción, nos casos en que así se estableza, da secretaría dos tribunais de selección, das mesas de contratación e de órganos colexiados municipais.
- Cobertura accidental do posto de Secretario xeral nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade do titular. Nos casos en que esta substitución supere os 15 días hábiles seguidos, devengarase dereito á percepción das diferencias dos complementos de posto.

Segundo. Abrir un período de información ao público de vinte (20) días hábiles contados desde a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante o cal todas as persoas interesadas poderán formular as reclamacións, suxestións ou alegacións que consideren oportuno.

Terceiro. O presente acordo entenderase definitivamente aprobado si durante o período de exposición ao público non se presenta ningunha reclamación, suxestión ou alegación ao mesmo. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva expresa logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Cuarto. Unha vez aprobada definitivamente a presente modificación, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e remitirase, no prazo máximo de trinta (30) días, unha copia da mesma aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

12.- FIXACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PADRÓN PARA O EXERCICIO 2015.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 27 de xullo de 2015, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. En data 28/04/2015 a Interventora Municipal emitiu un informe relativo á fixación do límite de gasto non financeiro do orzamento xeral do Concello de Padrón para o exercicio económico 2015, en cumprimento da providencia do Alcalde da mesma data. O cálculo do límite de gasto a aprobar baseouse no cómputo de empregos non financeiros de 2014, dos que se partiu para calcular o gasto computable partindo das obrigas recoñecidas netas resultantes da liquidación do exercicio económico 2014, aprobada por Resolución do Alcalde número 348/2015, de 28 de abril.

No dito informe da interventora municipal calculouse o límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, e comprobouse si o orzamento prorrogado para o 2015 do Concello de Padrón cumpre co dito límite.

Fundamentos de Dereito.

Primeiro. Considerando que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Segundo. Considerando que dito límite de gasto non financeiro debe ser aprobado polo Pleno do Concello de Padrón para o exercizo económico 2015.

Terceiro. En cumprimento do establecido no artigo 89.5 da LRPAC asúmense coma motivación os argumentos e cálculos desenrolados pola Interventora Municipal no seu informe de 28/04/2015, que son os seguintes:

“Segundo. Respecto á coherencia coa regra do gasto, de acordo co artigo 12 da LOEOSF, a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (P.I.B.) de medio prazo da economía española, salvo que exista un equilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido.

De acordo cos seguintes apartados do artigo, o gasto computable ascende a **5.238.967,06 €**, calculados como segue:

Empregos non financeiros 2014 (1)	6.775244,74
Intereses da débeda (2)	36517,08
Gasto financiado con fondos finalistas (3)	1090680,75
Axustes SEC (4)	-409079,85
GASTO COMPUTABLE (5) ((1)-(2)-(3)+(4))	5238967,06

- Obrigas recoñecidas netas nos capítulos 1 a 7 de gastos do orzamento xeral do Concello de Padrón en 2014
- Obrigas recoñecidas netas no capítulo 3 de gastos do orzamento xeral do Concello de Padrón en 2014
- Obrigas recoñecidas en 2014 que foron financiadas con fondos finalistas procedentes de Administracións Públicas. Os cálculos deste apartado defállanse no Anexo I ao presente informe.
- Diferenza entre obrigas recoñecidas en 2014 correspondentes a gastos de exercicios anteriores (-654.741,24) e os gastos correspondentes a 2014 non aplicados nese exercicio (REC 1/2015:245.661,39))

